



RESOLUCIÓN DO 22 DE MARZO DE 2017, DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN CELEIRO – LUGO, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA DEFINITIVA DAS PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DE SAN COSME DE BARREIROS – LUGO

De conformidade co establecido na base 3 da Resolución do 19 de xaneiro de 2017, da xefatura territorial da Consellería do Mar en Celeiro - Lugo, pola que se convoca o proceso selectivo para ter acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Agrupación de Mariscadoras de San Cosme de Barreiros esta xefatura territorial,

DISPÓN:

Primeiro. Facer pública a lista definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, así como as puntuacións obtidas, polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Agrupación de Mariscadoras de San Cosme de Barreiros (Anexo I).

Segundo. De acordo co establecido na normativa aplicable, o 21 de febreiro de 2017 publicouse a lista provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas, contra a que non se efectuou ningunha alegación.

Terceiro. Dado que no proceso selectivo se convocou únicamente unha (1) praza, a persoa seleccionada disporá dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 da convocatoria:

- a) Certificado que acredite que a persoa está empadroada nun concello do litoral de Galicia, no caso de non telo presentado coa solicitude ou de non ter asinada a autorización da consulta.
- b) Certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa seleccionada non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares, no caso de non ter asinada a autorización da consulta.
- c) Certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA), no caso de non ter asinada a autorización da consulta. Os perceptores da



pensión da renda de integración social en Galicia deberán presentar un escrito de renuncia a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.

d) Documentación acreditativa que indique expresamente que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

e) Fotocopia compulsada do certificado de mariscador no caso de que non fose entregado coa solicitude ou non se tivese asinada a autorización para a consulta deste dato.

e) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base I.2 da convocatoria, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, na que se indicarán as persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

Cuarto. A lista de persoas non seleccionadas (Anexo II) constituirá unha lista de reserva, que terá vixencia dun (1) ano, que se contará desde o día seguinte ao que se publique esta resolución da xefatura territorial.

Quinto. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura territorial da Consellería do Mar en Celeiro – Viveiro (Lugo) e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da entidade asociativa solicitante.

Sexto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes que contará dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Celeiro - Viveiro (Lugo), 22 de marzo de 2017
Xefatura territorial




Pablo Ramón Fernández Asensio



ANEXO I

LISTA DEFINITIVA DA PERSOA ASPIRANTE SELECCIONADA PARA O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ

Nº	Solicitante	DNI	1	2		3	Total
				2.a	2.b		
1	PÉREZ FRANCO, RUBÉN	33999923N	0,00	0,00	0,50	4,00	4,50

ANEXO II

LISTA DEFINITIVA DAS PERSOAS ASPIRANTES NON SELECCIONADAS PARA O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ

Nº	Solicitante	DNI	1	2		3	Total
				2.a	2.b		
1	GUTIÉRREZ RODRÍGUEZ, IVÁN	34880271N	0,00	0,00	0,30	4,00	4,30
2	MOREDA RODRÍGUEZ, LADISLAO	77594831F	0,00	0,72	0,30	0,00	1,02
3	POSADA LLANO, ALFONSO	33857791C	0,00	0,72	0,00	0,00	0,72